



Observatorio para a Defensa dos Dereitos e Liberdades

Compostela, 13 de Xullo 2008

Sr. Alcalde de Compostela

D. Xosé Sánchez Bugallo

Respeitado Sr. Alcalde

Esculca é un Observatorio de ámbito galego que traballa na defensa dos dereitos e liberdades públicas garantidos na Constitución e nos Tratados Internacionais. Teña a ben pois, recibir a nosa opinión sobre algo que atinxe, estatutariamente, o núcleo dos nosos obxectivos e traballos.

Referimo-nos ao feito de ir presentar V. o día 25 de Xullo, segundo informa a prensa, a Oferenda ao Apóstolo Santiago, como Alcalde de Copostela, ben que sexa en calidade de delegado réxio. Oferenda que se leva a efecto nun templo relixioso católico, no meio dun acto litúrxico desa relixión. Referimo-nos a este feito, lonxe de facer avaliación algunha do contido das suas palabras no acto, palabras que, por outra parte, descoñecemos.

Como ben sabe V., o Estado español é aconfesional: “Nengunha confesión terá carácter estatal”. A aconfesionalidade implica “un principio de neutralidade dos poderes públicos en materia relixiosa”, principio que veda “calquer tipo de confusión entre funcións relixiosas e estatais”. Deste punto de vista, a neutralidade do Estado obriga-a a prohibir-se a si propia calquer concorrência, xunto dos cidadáns, en calidade de suxeito de actos ou actividades de signo relixioso. Asi consta na Constitución e asi o declara o Tribunal Constitucional, garante final dos dereitos e liberdades públicas; entre eles o do dereito a liberdade relixiosa e da aconfesionalidade do Estado.

Pois ben, V. foi eleito e nomeado para exercer as funcións que lle atribuen as Leis. Igual dicemos dos outros lexítimos representantes ou titulares dos poderes públicos, mesmo do Xefe do Estado. Non cabe a menor dúbida que todas as potestades e funcións que ten atribuídas pola Constitución, o Estatuto de Autonomía e as Leis son exclusiva e estritamente de carácter civil. Como tamén é certo que son os cidadáns, como tais, e non como crentes/non crentes, os que exercen a súa soberanía votando para a xestión das institucións públicas.

Non hai dúbida tampouco de que facer a Oferenda nun templo relixioso non entra nas obrigas derivadas de garantir a liberdade relixiosa, nen de cooperación con a Igrexa católica e outras confesións.

En consecuencia, manifestamos-lle o que segue.

En primeiro lugar, a nosa séria e rigorosa crítica ao comportamento institucional da Alcaldía da cidade na Oferenda. Non duvide de que, en troca, non teríamos en conta nunca, nen moito menos criticaríamos, o seu comportamento se participase –ou non o fixese- en calquer acto ou manifestación relixiosa a título persoal.

En segundo lugar, de admitir a seriedade, corrección e transcendencia desta crítica, esperamos exerza as súas potestades institucionais e posibilidades políticas para que doravante nengun membro desa corporación municipal participe en actos ou manifestacións relixiosas en representación do Concello.

Atentamente.

Por ESCULCA, o seu Presidente.  
Fernando Martínez Randulfe

**Contacto:**

**EsCULcA**  
**Agro da Torre-Cacheiras**  
**14886 – TEO**

**Tlfn. E c.e.: 981 -806437 – [esculca@esculca.net](mailto:esculca@esculca.net)**